



Vila nata

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

NOTA INFORMATIVA

NOTA INFORMATIVA SOBRE O REMATE DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POR FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DUN POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.

O Boletín oficial da Provincia de Pontevedra nº 208 correspondente ao día 30 de outubro de 2017 publicou as bases que rexerán o dito proceso selectivo. De conformidade co disposto na Base 3.2 procede agora publicar a convocatoria do proceso selectivo tamen no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web do concello www.vilanovadearousa.com, dentro do perfil “oferta pública de emprego” e, ademais, mediante a inserción dun anuncio nun dos diarios de maior difusión na comarca engadindo que o prazo para a presentación de solicitudes, na forma indicada en ditas Bases, será de 10 días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Para o caso de que as ditas publicacións da convocatoria se efectuasen en datas distintas entenderase que o prazo se abre ao día seguinte hábil da primeira publicación e que se pecha transcorridos os 10 días hábiles seguintes ao da última das mesmas.

A publicación da convocatoria realizouse nas seguintes datas:

- Na páxina web do concello o día 31 de outubro de 2017.
- No diario “La Voz de Galicia” o día 3 de novembro de 2017.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 220 correspondente ao día 16 de novembro de 2017.

En consecuencia, o prazo para a presentación de solicitudes é o seguinte:

Inicio do prazo: 2 de novembro de 2017.
Remate do prazo: 30 de novembro de 2017

Vilanova de Arousa a 16 de novembro de 2017

